

Convocatoria da Comisión Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos para o día 17 de setembro de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de setembro de 2025**, ás 16:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/44Y/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

2. 2025/20096J PRESIDENCIA

Revogación da delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación dos tributos do Concello de Viana do Bolo.

3. 2025/20174E PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial de Ourense do exercicio de competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Barbadás.

4. 2025/20177W PRESIDENCIA

Nomeamento de Miguel González López - Mosquera, funcionario de administración local con habilitación nacional e tesoureiro da Deputación Provincial, como presidente

do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Ourense, para o período 2025 - 2029.

5. 2025/20175T PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 9/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

6. 2025/20381E PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para conxelar, derrogar ou suspender as regras fiscais para todos os concellos dada a grave situación económica que padecen, agravada recentemente na nosa provincia debido aos incendios forestais.

7. MOCIÓNS DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.